

Orde do 22 de novembro de 2007 pola que se fan públicas as vacantes provisorias nas sedes da Inspección Educativa para o curso 2008-2009.

A base segunda da Orde do 31 de outubro de 2007, pola que se convocaba concurso de traslados para a provisión de prazas vacantes na Inspección Educativa, determinaba que se convocaban, ademais das vacantes previstas no momento da convocatoria, as que se produzan por xubilación forzosa por cumprimento dos 70 anos de idade, as que se produzan pola xubilación voluntaria anticipada prevista na disposición transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as que se produzan, por outras causas, ata o 31 de decembro de 2007 e as que resulten da resolución do concurso. Todas elas sempre que se correspondan con prazas que teñan o seu funcionamento previsto na planificación xeral educativa. As vacantes definitivas publicáranse no DOG.

Na súa virtude, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Publicar no anexo desta orde as vacantes provisorias para o curso 2008-2009 nas sedes da inspección.

Segundo.-Todas as vacantes que figuran no anexo poderán ser obxecto de concurso de traslados, conforme o disposto na orde de convocatoria, sempre que figuren na relación definitiva.

Terceiro.-Resoltas, se é o caso, as reclamacións presentadas nesta orde, publicáranse no DOG as vacantes definitivas que serán obxecto do concurso de traslados.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Vacantes	Código	Sede inspección
2	27990031C	Dep. Inspección de Lugo
1	32990034C	Dep. Inspección de Ourense
2	36990037C	Dep. Inspección de Pontevedra
3	36990038C	Dep. Inspección de Vigo

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 21 de novembro de 2007, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fai público o acordo dos tribunais que xulgan os procesos selectivos para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, relativo á conclusión da fase de oposición e á apertura do prazo da fase de concurso.

O número 1 da base sexta B) das resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde con data

do 19 e 22 de decembro de 2006 (DOG nº 246 e 247, do 26 e 27 de decembro) polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, dispón que, rematada na súa totalidade a fase de oposición, o tribunal publicará un acordo no *Diario Oficial de Galicia*, no que se declarará rematada a fase de oposición e se abrirá un prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da súa publicación, para que estes aspirantes acheguen a documentación acreditativa dos méritos que aleguen.

Ademais, pola Resolución do 12 de novembro de 2007 publicáronse as puntuacións definitivas acadadas polos aspirantes das categorías de farmacéutico de atención primaria, médico de familia de atención primaria, médico de urxencias hospitalarias, pediatra de atención primaria e facultativo especialista de área de diversas especialidades.

Adoptado acordo de finalización da fase de oposición polos respectivos tribunais, procede agora darlle publicidade no *Diario Oficial de Galicia*, facultándose para iso expresamente esta División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Gallego de Salud, polo que

RESOLVO:

Primeiro.-Declarar rematada a fase de oposición nas categorías de farmacéutico de atención primaria, médico de familia de atención primaria, médico de urxencias hospitalarias, pediatra de atención primaria e facultativo especialista de área de diversas especialidades.

Segundo.-Publicar a relación alfabética e a relación pola orde de puntuación alcanzada no conxunto dos exercicios dos aspirantes que superaron a fase de oposición das citadas categorías, nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web www.sergas.es.

Terceiro.-Abrir o prazo dun mes desde o día seguinte á publicación desta resolución, para que estes aspirantes presenten a documentación acreditativa dos méritos que aleguen nos seguintes lugares:

- a) Na Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade.
- b) Na División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde.
- c) Nas delegacións provinciais da Consellería de Sanidade.
- d) Nas direccións provinciais do Servizo Gallego de Salud.
- e) Nos servizos de persoal dos centros ou complexos hospitalarios da rede pública do Servizo Gallego de Salud.

f) Nos servizos de persoal das administracións dos centros de xestión de Atención Primaria do Servicio Gallego de Salud.

g) A través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto.-Todos os aspirantes que superaran a fase de oposición, deberán achegar no modelo contido no anexo I desta resolución os méritos que aleguen xunto coa fotocopia compulsada do seu DNI, así como a seguinte documentación, pois do contrario quedarían excluídos do proceso selectivo:

a) Fotocopia compulsada do título exixido para o ingreso na correspondente categoría.

b) Os participantes que accedan polas quendas de promoción interna e de discapacitados deberán achegar, ademais da documentación anterior, orixinal ou certificación compulsada acreditativa, segundo os requisitos descritos nos puntos 2 e 3 da base segunda da respectiva convocatoria.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2007.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional

ANEXO I

Nome e apelidos:

DNI:

Categoría:

Enderezo:

Teléfono de contacto:

Para os efectos da súa valoración na fase de concurso do concurso-oposición convocado polas resolucións da Secretaría Xeral do Servicio Gallego de Salud do 18 e do 22 de decembro de 2006 (DOG nº 246 e 247, do 26 e 27 de decembro), achego a seguinte documentación:

.....
.....

En odede 2007.

Asdo.:

División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolución do 26 de outubro de 2007 pola que se convocan probas selectivas para cubrir unha praza de arquitecto técnico, grupo II 1, polas quendas de promoción interna de acceso libre, vacante no cadro de persoal desta universidade.

O reitor, no uso das atribucións conferidas polo artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades, así como nos estatutos desta universidade, resolve convocar probas selectivas para cubrir unha praza de arquitecto técnico do grupo II 1 vacante no seu cadro de persoal laboral, con suxeición ás seguintes:

Bases da convocatoria

1. Normas xerais.

1.1. Convócanse probas selectivas para cubrir con persoal laboral fixo unha praza de arquitecto técnico do grupo II 1, do convenio colectivo para o persoal laboral da USC (DOG do 29 de abril de 2002), pola quenda de promoción interna e pola quenda de acceso libre.

1.2. Os procesos de selección de promoción interna e libre realizaranse separadamente, e será en primeiro lugar o de promoción interna. De non cubrirse a vacante por promoción interna, ofertarase para ser cuberta por acceso libre.

1.3. Os aspirantes só poderán participar nunha das dúas quendas de acceso.

1.4. O sistema de selección do aspirante será o de concurso-oposición. No que se refire ás probas e valoracións axustaranse ao que se especifica no anexo I desta convocatoria.

1.5. A adxudicación da praza ao aspirante que supere o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación total obtida sumando ambas as dúas fases.

1.6. O programa que rexerá na fase de oposición especificase no anexo II.

1.7. Estas probas selectivas axustaranse ao disposto na Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, ao Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, ao Decreto 95/1991, do 20 de marzo, aos estatutos da USC, aprobados polo Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro, da Xunta de Galicia, ao convenio colectivo do persoal laboral da USC (DOG do 29 de abril de 2002), a Lei 17/1993, do 23 de decembro (BOE do 24 de decembro) sobre acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, a Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integra-